

Movémonos mellor?



CAMIÑAS OU CONTAMINAS?

Por medio do cálculo numérico o alumnado visualiza máis claramente calquera tipo de problemática, transformando, neste caso, aspectos máis abstractos do cambio climático e dos hábitos de vida saudables en datos concretos.

ROTEIRO BIO-AGRADABLE

Ao ser unha actividade para facer fóra da clase (espacial e temporalmente), un dos criterios de formación dos grupos pode ser o de proximidade de domicilio pero deixaremos certa liberdade na organización dos mesmos.

A observación é un método de traballo moi interesante nestas idades.

OS ECO-SÁBADOS

O grupo terá que realizar unha campaña de sensibilización sobre o uso excesivo do coche como medio de transporte. Esta campaña irá dirixida aos condutores da comunidade educativa escolar (mestres, nais, pais, persoal laboral), e o obxectivo será que durante un mes enteiro un día á semana (p. ex. os sábados) usen un medio de transporte alternativo ao coche (andar, bici, autobús).

MÁIS ALPARGATA E MENOS GASOLINA

Os alumnos, dun xeito moi visual, deben crear mensaxes de concienciación para que a xente que acuda ao centro en coche renuncie a este medio e veña andando. Trátase dunha actividade que busca aproveitar o potencial da linguaxe publicitaria para a aula, pola súa capacidade de sensibilización e pola súa capacidade de motivación para estes estudantes. Ademais é unha actividade que deixa uns produtos con potencial de sensibilización para toda a comunidade educativa e que reafirmará ao grupo nesa comunidade se se fai unha exposición pública no centro para presentar os resultados obtidos na mesma.





ISBN 978-844534802-4



9 788445 348024



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de